

sogama



Xacobeo  
2027

# PROGRAMA DE ATENCIÓN A VISITAS



GRUPOS DE VISITAS EDUCATIVAS



# 1

## DESTINATARIOS DAS VISITAS EDUCATIVAS



O Programa de atención a visitas de Sogama pon ao dispor dos centros educativos a posibilidade de realizar unha visita educativa ao Complexo Ambiental de Cerceda (A Coruña), adaptada ao perfil dos solicitantes.

As visitas educativas están dirixidas a grupos de escolares a partir de 9 anos de idade, dos seguintes niveis educativos:



**Primaria**



**Educación Secundaria Obligatoria**



**Formación Profesional Básica e de Grao Medio**



**Bacharelato**



# 2



## OBXECTIVOS



O Programa  
de atención a  
grupos de visitas  
educativas  
ten como  
obxectivos:



- **Sensibilizar na importancia do consumo responsable** e a redución da produción de residuos, poñendo exemplos prácticos sobre desperdicio alimentario, reparación de obxectos, doazón solidaria...
- **Difundir os principios da economía circular** para aproveitar ao máximo os recursos dos que dispoñemos, alongando o ciclo de vida dos produtos e evitando a xeración de residuos.
- **Ampliar os niveis de coñecemento da actividade de Sogama** por parte da cidadanía, explicando o seu labor e o funcionamento da súa infraestrutura industrial.
- **Promover actitudes persoais máis respectuosas coa contorna**, fomentando a protección do medio ambiente e a contribución ao desenvolvemento sostible.
- **Motivar á poboación cara á adopción de boas prácticas** na separación en orixe dos residuos e o seu depósito nos distintos contedores existentes para a súa recollida selectiva e posterior reciclaxe.

# 3


## METODOLOXÍA E ESTRUTURA →

A metodoloxía utilizada na atención aos grupos de visitas educativas caracterízase polo seu dinamismo, interacción e participación activa dos asistentes.

A continuación, móstrase unha liña de tempo sobre a organización e duración da visita, estruturada en minutos:



Estrutura e duración da visita educativa (120 minutos) →



# 3

## METODOLOXÍA E ESTRUTURA



**Recepción** do grupo na entrada do edificio de oficinas do Complexo Ambiental de Cerceda.



**Presentación** do equipo educativo e acceso ao salón de actos, onde se imparte unha sesión informativa e formativa, apoiada por distintos recursos didácticos a fin de reforzar as ideas e conceptos chave. Esta sesión adáptase a cada perfil de visita e a cada nivel educativo.



# 3



## METODOLOXÍA E ESTRUTURA



**Visualización dun vídeo inmersivo 360°** das instalacións que conforman o Complexo Ambiental a través de lentes de realidade virtual.




**Xogos con máquinas Arcade** para desenvolver habilidades na separación de residuos.



3



## METODOLOXÍA E ESTRUTURA



**Percorrido polas instalacións** para repasar a funcionalidade de cada instalación. Realízase no mesmo autobús no que se desprace o grupo, sen apearse do mesmo (por motivos de seguridade, os grupos que inclúan persoas menores de 18 anos non poden realizar o percorrido a pé).



**Peche da visita** con aclaración de dúbidas, entrega dun pequeno obsequio de recordo e despedida.



